



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE DEFENSA E A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA DURANTE A CAMPAÑA DE 2026.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2026

REUNIDOS:

Dunha parte, don Fernando José López del Pozo, Director Xeral de Política de Defensa, por nomeamento efectuado segundo o Real decreto 232/2023, do 28 de marzo, en nome e representación do Ministerio de Defensa, por delegación de sinatura expresa da Sra. Ministra para este acto.

Doutra parte, dona María José Gómez Rodríguez, Conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia, por nomeamento efectuado segundo o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación desta en virtude das facultades atribuídas na Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir e

EXPOÑEN:

Primeiro.

Que o Ministerio de Defensa é o Departamento encargado da Administración Xeral do Estado ao que lle corresponde a preparación, o desenvolvemento e a execución da política de Defensa determinada polo Goberno e a xestión da administración militar, segundo o establecido no artigo 1 do Real Decreto 205/2024, do 27 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa.

Segundo.

Que de conformidade co artigo 37.1 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, as Forzas Armadas participan no Sistema Nacional de Protección Civil que asegura a coordinación, a cohesión e a eficacia das políticas públicas de protección civil que, como instrumento da política de seguridade pública, é o servizo público que protexe ás persoas e bens garantindo unha resposta axeitada diante dos



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

distintos tipos de emerxencias e catástrofes orixinadas por causas naturais ou derivadas da acción humana, sexa ésta accidental ou intencionada.

Terceiro.

Que o artigo 15.3 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da Defensa Nacional asigna ás Forzas Armadas, xunto coas Institucións do Estado e as Administracións públicas, o deber de preservar a seguridade e benestar dos cidadáns nos supostos de grave risco, catástrofe e calamidade, así como cando se presenten outras necesidades públicas, conforme ao establecido na lexislación vixente.

Cuarto.

Que o Decreto 42/2024, de 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e nela intégrase a Consellería do Medio Rural. O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. Esta Consellería é o órgano da Administración galega ao que, baixo a superior dirección da persoa titular desta, lle corresponde propor e executar as directrices xerais da Xunta de Galicia no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, segundo as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma nos artigos 27.10 e 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia e demais normativa de aplicación. Entre as funcións atribuídas atópase a coordinación dos medios necesarios para acadar o dito obxectivo.

Quinto.

Que para que as Forzas Armadas colaboren coa Xunta de Galicia, con fins de prevención de incendios forestais, resulta necesaria a elaboración dun documento específico que reflicta os compromisos contraídos por ambas as partes, tanto no referente aos aspectos operativos como aos financeiros.

Polo exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

CLÁUSULAS:

Primeira. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste convenio a colaboración do Ministerio de Defensa coa Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, co fin de previr incendios forestais no territorio de Galicia. Esta colaboración consistirá na despregadura operativa de patrullas terrestres, con misión de vixilancia e disuasión.

Segunda. *Obrigas das partes.*

1. O Ministerio de Defensa comprométese á despregadura operativa de patrullas terrestres, con misión de vixilancia e disuasión segundo as seguintes condicións:

a) O período de activación será do 10 de agosto ao 25 de setembro ámbolos dous inclusive. Con anterioridade ao inicio deste período de activación levarase a cabo a fase de recoñecemento. Durante esta fase, ambas as partes establecerán os contactos necesarios e intercambiarán a información máis conveniente para unha eficaz planificación da operación.

No caso de que a subscripción e eficacia deste convenio se produza con posterioridade ao 10 de agosto, as actuacións iniciaranse dende a súa data de inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal.

b) As zonas de vixilancia e actuación preferente das patrullas terrestres serán inicialmente as que se detallan no anexo I. A Comisión de Seguimento poderá modificalas e variar o esforzo das patrullas en cada zona para adaptarse á valoración do risco.

c) As Forzas Armadas articularán os postos de mando necesarios para exercer o mando e control das patrullas terrestres, e destacarán oficiais de enlace aos distintos comités e centros de coordinación que se constitúan, nos que sexa requirida a súa presenza.

2. A Xunta de Galicia comprométese a:

a) Dotar a cada patrulla terrestre dun dispositivo GPS axeitado coa correspondente cartografía dixital actualizada, apta para o desprazamento por terreo forestal.

b) Satisfacer o importe dos gastos que se produzan segundo o establecido na cláusula cuarta.



Terceira. Entidade da despregadura.

A activación conlevará a despregadura de 35 patrullas terrestres, 2 equipos de mantemento móbil (un do Exército de Terra e outro da Armada).

As ditas patrullas exercerán a vixilancia terrestre e poderán realizar vixilancia aérea complementaria empregando, en caso de dispoñibilidade e logo de coordinación previa coa Xunta de Galicia, unidades de drons (UAS), integradas no servizo ordinario e sen custo adicional.

Cando a evolución dos acontecementos permita prever unha situación de risco superior ou requira unha prórroga do período de activación, poderanse empregar máis recursos ou capacidades das Forzas Armadas, co correspondente aumento do financiamento, seguindo o procedemento establecido para a modificación do convenio na cláusula undécima.

Cuarta. Financiamento e forma de pagamento.

A subscrición deste convenio non conleva ningunha obriga nin compromiso económico para o Ministerio de Defensa.

A Xunta de Galicia comprométese a satisfacer o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración das Forzas Armadas, ata un orzamento máximo global de cincocentos noventa e tres mil oitocentos quince euros con trinta e dous céntimos (593.815,32 €), que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 15.02551B 601.1 2002 15860 e que se distribuirán do seguinte xeito:

Terceiro	Concepto	Importe parcial
Exército de Terra (431.755,06 €)	Indemnizacións	141.842,79 €
	Incentivos ao rendemento	225.992,27 €
	Mantemento e recuperación	63.920,00 €
Armada (91.740,26 €)	Indemnizacións	25.832,40 €
	Incentivos ao rendemento	45.667,86 €
	Mantemento e recuperación	20.240,00 €
Consumo de combustible		70.320,00 €
TOTAL		593.815,32 €



a) Unha vez producida a eficacia do convenio coa súa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, a Xunta de Galicia aboará as seguintes cantidades, dentro dos 30 días naturais posteriores a que a Dirección Xeral de Política de Defensa comunique a dita inscrición:

1.º. Douscentos setenta e un mil seiscientos sesenta euros con trece céntimos (271.660,13 €) en concepto de incentivos ao rendemento ao Exército de Terra e á Armada na Conta Restrinxida da Pagaduría de Servizos do Órgano Central (IBAN ES68 0182 23 7044 0208000145) aberta no banco BBVA.

A efectos de cálculo tivéronse en conta o número de patrullas terrestres e persoas que se destinarán á preparación e despregadura da operación, así como a duración desta, cunha retribución máxima de 60 euros/día para persoal do Grupo 2 (oficiais e suboficiais) e 50 euros/día para persoal do Grupo 3 (tropa).

2.º. Sesenta e tres mil novecentos vinte euros (63.920,00 €), en concepto de mantemento e recuperación de vehículos do Exército de Terra na conta corrente da Dirección de Asuntos Económicos do Exército de Terra (IBAN ES83 0182 23 7040 0208000459), aberta no banco BBVA.

3.º. Vinte mil douscentos corenta euros (20.240,00 €), en concepto de mantemento e recuperación de vehículos da Armada na Conta Restrinxida de Ingresos ao Tesouro, con beneficiario a Caixa Pagadora da Armada (IBAN ES61 0182 23 7049 0200000921), aberta no banco BBVA.

A efectos de cálculo estimouse unha media diaria de 40 euros por vehículo en recuperación, mantemento preventivo e correctivo, conforme ás características dos mesmos, as funcións asignadas a cada un, así como o diferente desgaste en función da quilometraxe realizada, habida conta de que durante toda a operación empregaranse un máximo de 45 vehículos no total de zonas de vixilancia.

b) Rematada a campaña, a Dirección Xeral de Política de Defensa remitirá á Xunta de Galicia, antes do día 15 de outubro de 2026, certificado asinado electronicamente polo órgano competente en cada caso, conforme ao modelo que figura como anexo II, onde se farán constar os gastos efectivamente realizados nos seguintes conceptos:

1.º. Indemnizacións do Exército de Terra, ata un máximo de cento corenta e un mil oitocentos corenta e dous euros con setenta e nove céntimos (141.842,79€), na conta corrente da Dirección de Asuntos Económicos do Exército de Terra (IBAN ES83 0182 23 7040 0208000459), aberta no banco BBVA.



2.º. Indemnizacións da Armada, ata un máximo de vinte e cinco mil oitocentos trinta e dous euros con corenta céntimos (25.832,40 €) na Conta Restringida de Ingresos ao Tesouro, con beneficiario a Caixa Pagadora da Armada (IBAN ES61 0182 23 7049 0200000921), aberta no banco BBVA.

Para o cálculo consideráronse as contías establecidas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo aplicables ao número de patrullas terrestres e persoas que se destinarán á preparación e despregamento da operación.

c) Antes do día 15 de outubro de 2026, a Dirección Xeral de Política de Defensa remitirá á Xunta de Galicia certificado asinado electronicamente polo Xefe da Forza, conforme ao modelo que figura como anexo III, onde se fará constar o gasto de combustible efectivamente realizado, ata un máximo de setenta mil trescentos vinte euros (70.320,00 €).

Unha vez producida a eficacia do convenio coa súa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, a Xunta de Galicia arbitrará os procedementos para asumir e sufragar directamente os gastos de combustible.

Quinta. Responsabilidades patrimoniais.

A Xunta de Galicia farase cargo das responsabilidades patrimoniais por danos a terceiros orixinadas polas Forzas Armadas como consecuencia da execución normal das actividades establecidas no presente convenio, ou os derivados das circunstancias involuntarias e inevitables agás no caso de forza maior.

Sexta. Política informativa.

En coordinación coa Xunta de Galicia, o Ministerio de Defensa seguirá unha política informativa activa co obxecto de dar a coñecer á poboación a existencia dunha despregadura militar coa misión de previr os incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia. Para coordinar con eficacia esta política informativa, a petición de calquera das partes, poderanse convocar cantas reunións se estimen necesarias. Esta política informativa redundará en beneficio do cumprimento da misión.

Sétima. Linguas oficiais.



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

De conformidade co estipulado na Orde Ministerial 35/1987, do 17 de xuño, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar, en todas as comunicacións oficiais, tanto verbais como escritas, que vaian dirixidas ás Forzas Armadas involucradas nesta colaboración e que teñan relación co servizo, empregarase sempre o castelán.

No caso de discrepancia lingüística entre versións do texto deste convenio, para a súa interpretación prevalecerá a súa versión en castelán.

Oitava. Medidas de seguimento, vixilancia e control.

Constituirase unha Comisión de Seguimento para a vixilancia e control na execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan formularse respecto deste convenio.

Estará formada polo director xeral de Defensa do Monte e o subdirector xeral de Extinción, por parte da Consellería do Medio Rural, e polo subdirector xeral de Cooperación e Defensa Civil da Dirección Xeral de Política de Defensa e un representante do Estado Maior da Defensa, por parte do Ministerio de Defensa.

A Comisión de Seguimento reunirse tantas veces como sexa necesario, a requirimento de calquera das partes. As decisións tentaranse adoptar por unanimidade e, no seu defecto, de maneira consensuada atendendo ao obxecto do convenio e á defensa do interese xeral.

O funcionamento da Comisión de Seguimento rexerase, en todo o non previsto neste convenio, polo disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Novena. *Consecuencias aplicables no caso de incumplimento.*

No caso de que o pagamento das obrigacións económicas asumidas pola Xunta de Galicia, estipuladas na cláusula cuarta, non se fixesen efectivas no prazo dos tres meses seguintes ao día do recoñecemento da obriga, o Ministerio de Defensa terá dereito ao abono dos correspondentes xuros de mora sobre a cantidade debida ao tipo establecido na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, sempre que se reclame por escrito o cumprimento da obriga, tal e como establece o



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

artigo 26 do texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O citado prazo comezará a contar desde que a Xunta reciba do Ministerio de Defensa a documentación xustificativa para a tramitación do pagamento no correo electrónico extincionincendios.medio-rural@xunta.gal.

No caso de incumprimento das condicións de execución asumidas polo Ministerio de Defensa na cláusula segunda sen que mediase causa de forza maior, descontaranse proporcionalmente as cantidades establecidas segundo os parámetros de cálculo establecidos na cláusula cuarta .

Décima. *Vixencia.*

Conforme o establecido no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes e resultará eficaz unha vez rexistrado, no prazo de cinco días hábiles desde a súa formalización, no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal. Así mesmo, publicarase no «Boletín Oficial do Estado» no prazo de dez días hábiles desde a súa formalización, sen prexuízo da súa publicación facultativa no Diario Oficial de Galicia, finalizando a súa vixencia o 15 de outubro de 2026 e podendo prorrogarse mediante addenda ata o 31 de decembro de 2026 por acordo subscrito entre as partes.

Undécima. *Modificación do convenio*

Este convenio poderá ser modificado, mediante addenda, a proposta da Comisión de Seguimento, por acordo de ambas as partes.

Para a sinatura desta addenda seguiranse os trámites preceptivos do artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e en todo caso, será precisa a autorización previa do Ministerio de Facenda.

Duodécima. *Causas de extinción e de resolución.*



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nas causas de resolución establecidas no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Decimoterceira. Natureza administrativa e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, segundo o disposto no Capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o seu desenvolvemento e execución e non poidan ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

En materia orzamentaria, económica e financeira atenderase ao contido da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria e do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

Decimocuarta. Transparencia.

Este convenio será publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no rexistro de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, da transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio, na data da sinatura electrónica.

POLO MINISTERIO DE DEFENSA

POLA XUNTA DE GALICIA

O DIRECTOR XERAL DE POLÍTICA DE
DEFENSA

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL

-Fernando José López del Pozo-

-María José Gómez Rodríguez-



ANEXO I

Zonas de vixilancia

Patrullas terrestres

PROVINCIA	DISTRITO	CONCELLO	PATRULLAS	
A CORUÑA	IV Barbanza	Outes	5	
		Noia		
		Porto do Son		
		Ribeira		
		A Pobra do Caramiñal		
		Boiro		
		Lousame		
		V Fisterra		
	Muros			
PONTEVEDRA	XVII O Condado- Paradanta	Mondariz	5	11
		Mondariz-Balneario		
		Ponteareas		
		Salvaterra do Miño		
		Covelo		
		As Neves		
		Arbo		
		A Cañiza		
		Crecente		
OURENSE	XI O Ribeiro- Arenteiro	Melón	6	19
	XV A Limia	Lobios		
		Muíños		
		Calvos de Randín		
		Baltar		
	XIII Valdeorras- Trives	Chandrea de Queixa	7	
		Manzaneda		
		Pobra de Trives (Parroquias de: Cova, Encomenda, Pareisás, Sobrado, San Lourenzo de Trives, San Mamede de Trives e Vilanova)		
		Vilariño de Conso		
	XIV Verín- Viana	Laza (Parroquia de Camba)	7	
		Viana do Bolo (Parroquias de: Grixoa e de Vilarmeao)		
		Viana do Bolo (agás as parroquias da zona anterior)		
		A Gudiña		
		A Mezquita		
		Cualedro		
		Oímbra		
LUGO	VIII Terra de Lemos	Folgozo do Courel	5	
		Quiroga		
		Ribas de Sil		
		A Pobra de Brollón		
		Monforte de Lemos		
		Sober		

Nota: Habrá un máximo de 35 patrullas terrestres despregadas segundo as marxes numéricas que se detallan por zona neste anexo, máis dous equipos de mantemento móbil. En calquera caso, poderán ser modificadas as marxes sinaladas de común acordo entre as partes, en función das necesidades operativas, variando os límites de nº de patrullas en cada zona (con 35 patrullas máximo) para adaptarse ás distintas situacións que se poidan producir no transcurso do período de vixencia deste convenio.



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL



MINISTERIO
DE DEFENSA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

ANEXO II - Certificado de gastos

De acordo co establecido na cláusula cuarta b) do Convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2026, D/D^a. (nome e apelidos) _____, (cargo) _____, certifica que:

A operación ocasionou un gasto en concepto de indemnizacións para (o Exército de Terra ou a Armada) de _____ euros durante os 47 días de activación.

O que se certifica, na data da sinatura, a efectos do aboamento das ditas cantidades nas contas correntes indicadas na cláusula cuarta para cada concepto.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

ANEXO III - Certificado de gastos de combustible

De acordo co establecido na cláusula cuarta c) do Convenio entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2026, o Excmo. Sr. _____, Xefe da Forza da Operación Centinela Gallego 2026, certifica que:

A operación ocasionou un gasto en concepto de combustible de _____ euros durante os 47 días de activación.

O que se certifica, na data da sinatura.